



TERRITORIO
VÁKNER

II Edición

CERTAME DE RELATOS

TERRITORIO VÁKNER

BASES

- 1. Obxecto:** O obxectivo do presente certame é contribuír á divulgación e ao fomento da creatividade literaria en relación ao Camiño de Fisterra e Muxía, unha vía percorrida durante milenios por peregrinos chegados de todos os recunchos do mundo. Unha aventura vital que se veu reflectida en multitude de manifestacións literarias e históricas que poden e deben ter continuidade no patrimonio colectivo en forma de novas creacións. Ao mesmo tempo, preténdese darlle dimensión literaria ao feito histórico de que no ano 1493 o bispo Mártiros de Arzendján, de Armenia, se enfrontou en terras de Dumbría a un monstro.
- 2. Participantes:** Poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos.
- 3. Texto:** Cada un dos relatos poderá ter unha extensión mínima de 4.000 caracteres, con espazos incluídos, e máxima de 6.000. A temática das narracións ha de estar relacionada con misterios no Camiño de Fisterra, o monstro Vákner ou similares que teñan por escenario o Camiño de Fisterra e Muxía.

4. **Desenvolvemento:** De entre todos os relatos recibidos, o xurado elixirá os dez que considere de mellor calidade literaria, máis orixinais e mellor adaptados ao escenario da convocatoria. Os tres primeiros serán publicados nas páxinas de La Voz de Galicia.

5. **Premios:** O gañador e os autores do segundo e terceiro relatos mellor valorados recibirán o correspondente diploma e premios en produtos ou servizos propios do Camiño de Fisterra e Muxía, así como unha peza distintiva exclusiva e propia desta convocatoria literaria. Os sete restantes recibirán un diploma e unha peza distintiva.

6. **Prazo e lugar de inscrición:** Cada autor deberá enviar os textos identificados cun lema e pseudónimo acompañados dun sobre pechado cos datos persoais do autor da obra. Os participantes deberán enviar os textos correctamente identificados á delegación de La Voz de Galicia (R/ Gran Vía 84 - 1º. 15100 Carballo), antes do 20 de maio.

Organizan:

La Voz de Galicia



Patrocinan:

